



Consello de Galiza

Buenos Aires 2 de Maio de 1958

Ex. César Alvaraz

Paris

Querido Alvaraz: Depois de escribírche a miña derradeira, pensei que algo me faltaba. Deime conta de que mal poderás facer de introductor de embaixadas co señor Canabal, sin ter ti presentadas "Cartas Credenciales". Eu pedirache n-unha anterior que ti nos deras a fórmula dos textos, xa que coidamos que sabes mais que nós n-unha matices diplomáticos

Insisto agora no pedido, pra que nos envies a correo vol-teses textos pra copial-os e firmalos e mandarchos deseGUIDA.

En caso, en vez de credenciales, abundaría con un comunicado do Consello os gobernos republicano, vasco e catalán dándolles conta do teu nomeamento e o seu significado e propósito.

Ti decidirás como che pareza mellor. Claro que o antes posibel pra que en todo intre ti esteas debidamente documentado

O viaxe do señor Canabal ten o seguinte itinerario: Ita-lias, Austria, Alemañia, Suecia e Paris. De xeito, segun cálculos, chegará a Paris nos primeiros días de Xunio. Nis xa lle escribimos a Dusseldoff comunicándolle a noticia pra que te vexa enseguida de chegar.

Esiqui estamos mui ansiosos por saber que pasa en España o día 5 de maio pois ise e a data fixada pol-os Comunistas pra facer manifestacions chamzadas de "Reconciliación Nacional" con folgas, boicots e demais, segun o recorte que che axun- to. Alá veremos.

Agardando túa resposta, saudos de todos e da miña parte unha forte aperta

Ramón Suárez-Villa

Federico Ponce 4086

B Aires